



Este documento contén as conclusións da xornada “A cultura do mecenado” organizada polo Consello da Cultura Galega pasado 4 de febreiro. O contido deste documento foi elaborado e asinado polos coordinadores desta cita: Fran Quiroga e María Xosé Porteiro.

XORNADA A CULTURA DO MECENADO

INFORME. 04/02/2020

Por primeira vez unha institución cultural galega, o Consello da Cultura, abordou unha xornada de reflexión e un obradoiro de discusión sobre “A cultura do mecenado en Galicia”, na que participaron representantes de institucións e organismos públicos e privados que ofrecen, ou precisan, este recurso. A organización compartida polo CCG, Concomitentes e a Fundación Daniel y Nina Carasso, contou coa coordinación de Fran Quiroga e María Xosé Porteiro.

Puntos de partida:

A consideración do mecenado como un espazo de corresponsabilidade entre o público e o privado, para deseñar e crear proxectos culturais, científicos ou sociais.

Vontade de saber se existe en Galicia cultura do mecenado.

Definir como tería que ser esa cultura do mecenado.

Propiciar unha reflexión plural, precisa para tecer un ecosistema máis favorable a un mecenado con compromiso ético.

Metodoloxía:

Abordouse esta problemática no ámbito da cultura.

Realizouse un frutífero intercambio de experiencias e boas prácticas na propia Galicia e noutras partes do Estado.

Abriuse un diálogo entre as partes interesadas co fin de potenciar o mecenado como un exercicio de responsabilidade compartida e de compromiso social.

Conclusións:

Partindo da idea central de que mecenado e cidadanía están, de seu, unidos, e sen desbotar a necesidade de posteriores encontros e debates, salientamos as seguintes consideracións emanadas do diálogo e discusión entre as e os participantes:

1. Ten de haber un proxecto compartido, corresponsable e asumible, para o mecenado e a cidadanía, para o que cómpre asumir posicións comúns

que permitan dar resposta aos retos contemporáneos e loitar contra o afastamento e a fenda entre as partes interesadas.

2. Precísanse espazos estables de colaboración e mediación entre a Administración pública, a cidadanía, o mundo da empresa e as fundacións. Eses espazos deben ser de encontro para o diálogo e servir para:

⇒ Superar desconfianzas.

⇒ Artellar accións en que visibilizar o papel, as vantaxes e as posibilidades que ofrece o mecenado, tendo como fundamento a atención das inxerencias da sociedade.

⇒ Afondar no coñecemento de boas experiencias, na formación e na sensibilización da contribución do mecenado ao benestar social.

3. É preciso afianzar o mecenado como un servizo que garanta o dereito á cultura, á equidade, e mais a complementariedade no financiamento da cultura, e tamén como prestador de servizos, apoio ou asesoramento.

4. Traballar a prol dun mecenado beneficioso socialmente (unha “boa” filantropía) sustentado na transparencia, rendición de contas e boa gobernanza.

5. Delimitar os lindes entre patrocinio e mecenado, e apostar por unha Administración que non sexa a receptora exclusiva do mecenado, senón que facilite o desenvolvemento dunha plataforma de mediación que garanta a redistribución e amplíe o número de benfeitores.

6. Construír un mecenado que non substitúa o papel do Estado, senón que o complementa.

7. Configurar unha folla de ruta na que se dean marcos legislativos máis favorables ao mecenado, onde os impactos e a utilidade deste xeito de facer xustiza e redistribución social sexan máis visibles e queden de manifesto as súas vantaxes.

8. Entender os impactos alén do económico, na procura dun mecenado máis humano, que coide da sociedade, máis participativo e que se xestione mediante unha gobernanza sustentada na colaboración.

9. Celebrar un segundo encontro dirixido ao marco que establece a celebración do ano Xacobeo 2021.

10. Valorar o interese de incorporar esta temática ás áreas de traballo do CCG que teñan a ver coa economía da cultura.